

VALORES ÉTICOS

2º E.S.O.

Índice

1. Introducción e contextualización	3-4
2. Contribución ao desenvolvemento clave das competencias	4-5
2º da ESO	6-13
3. Obxectivos da educación secundaria obligatoria	13-14
4. Temporalización de 2º ESO	15
5. Mínimos exixibles para unha avaliación positiva	15-16
6. Procedementos , Instrumentos de avaliación e metodoloxía	16-17
7. Materiais e recursos didácticos	17
8. Criterios de avaliación	18
9. Indicadores para avaliar o proceso do ensino e a páctica docente	18-20
10. Programa de seguimento, recuperación e avaliación de materiais pendentes.....	20
11. Procedementos para a realización da avaliación inicialA avaliación inicial.....	20-21
12. Programas específicos personamizados para o alumnado repetidor	21
13. Medidas de atención a diversidade	21-22
14. Elementos transversais da programación	22-23
15. Actividades complementarias e extraescolares	23
16. Procedementos de revisión, avaliación e modificación da programación	23-24

1. Introducción e contextualización

O concello de Laxe sitúase ao noroeste da Comunidade Galega, no corazón da Costa da Morte. Pertence á provincia da Coruña e á comarca de Bergantiños. Ten unha superficie de 36,9 km² e conta cuns 3000 habitantes. Esta poboación divídese, da que proceden os nosos alumnos, consta de parroquias : Serantes, Nande, Sarces, Traba, Soesto e Laxe.

A nivel educativo e formativo, atopámonos con dúas escolas unitarias e o CPI Plurilingüe Cabo da Area onde os nosos alumnos teñen a oportunidade de cursar a ESO. Neste curs académico temos matriculados 221 alumnos en total e 71 en secundaria. A maioría dos alumn@s son xa do centro, pero tamén contamos cos de Traba e os da Torre.

A poboación activa desta zona concéntrase fundamentalmente no sector da Agricultura e da Pesca. O nivel socio-cultural é medio-baixo e iso repercute no noso alumnado, xa que a maioría deles non quere seguir formándose o acadar a etapa educativa da ESO.

Neste zona en concreto hai varios alumnos que queren ir ao mar e deixar de estudar ao acabar a ESO. Outros, optan polo acceso a un Ciclo Medio. En xeral, detectamos que hai pouco interese pola formación académica e polo estudio. Tamén cabe sinalar que perden a idades moi temperás o hábito de estudio e iso notase cando están na ESO.

A materia de *Valores Éticos* ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de *Valores Éticos* permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de

alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

2. Contribución ao desenvolvemento clave das competencias

Os Valores Éticos contribúen á consecución das competencias clave.

Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores **competencias sociais e cívicas** está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia **comunicación lingüística**, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das














propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a **competencia de aprender a aprender** como a de **sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademáis desenvolve a **competencia cultural** pois é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo, ; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a **competencia dixital**, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de *Valores Éticos*, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade.

2º da ESO







Unidade 1: En busca da miña identidade

BLOQUE 1		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<p> A crise da adolescencia.</p> <p> Os grupos que se forman na adolescencia.</p> <p> A influencia que exercen os grupos sobre os seus membros.</p>	<p>1. Comprender a crise de identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, xunto coas características dos grupos que se forman.</p>	<p>1.1 Coñece información, de fontes diversas, sobre os grupos de adolescentes. C. Sociais e cívicas.</p> <p>1.2 Valora a importancia que ten para o adolescente desenvolver a autonomía persoal. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p> A autonomía personal do individuo e o control da súa conduta.</p> <p> A personalidade e o seu desenvolvemento.</p> <p> A caracterización da personalidade en base aos factores biolóxico, sociocultural e persoal.</p> <p> As virtudes éticas.</p>	<p>2. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles.</p>	<p>2.1 Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles. Sentido de inic. e espírito emprendedor.</p> <p>2.2 Enumera algúns beneficios que, segundo Aristóteles, lle acheganas virtudes éticas ao ser humano. C. Sociais e cívicas.</p>
<p> A importancia da intelixencia emocional.</p> <p> A importancia do autoconecemento.</p>	<p>3. Analizar que é a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.</p>	<p>3.1 Define a intelixencia emocional e as súas características. C. Aprender a aprender.</p> <p>3.2 Encontra a relación que existe, disertando en grupo, entre algunhas virtudes e valores éticos. C. Sociais...</p> <p>3.3 Comprende en que consisten as habilidades emocionais que debe desenvolver o ser humano. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p> As habilidades emocionais.</p> <p> A importancia do autoconecemento.</p> <p> Identificación das emocións propias e alleas.</p>	<p>4. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral.</p>	<p>4.1 Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas. C. Sociais...</p>
BLOQUE 2		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<p> A importancia das habilidades da</p>	<p>1. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional,</p>	<p>1.1 Valora a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>










intelixencia emocional.  Os valores éticos que enriquecen as relacións humanas.	sinaladas por Goleman.	
---	------------------------	--

Unidade 2: Medrar como persoa

BLOQUE 1

Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
 A crise de identidade persoal que xorde na adolescencia.  A influencia do grupo no individuo.  O respecto á dignidade humana.  O proceso de socialización.	1. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas.	1.1 Coñece información acerca dos grupos de adolescentes e as súas características. C. Sociais e cívicas.
 A construción da propia identidade persoal.  A responsabilidade e a autonomía no proceso de desenvolvemento persoal.	2. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de forma consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade.	2.1 Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade. C. Sociais e cívicas.

BLOQUE 2

Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
 O desenvolvemento moral da persoa.  A influencia da contorna social e cultural na persoa.  A importancia dos axentes sociais.  O respecto á dignidade humana.	1. Describir e valorar a importancia da influencia da redonda social e cultural no desenvolvemento moral da persoa.	1.1 Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia. C. Sociais e cívicas. 1.2 Coñece a influencia que teñen os valores morais inculcados polos axentes sociais. C. Sociais e cívicas. 1.3 Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, para adecuar os costumes, normas, valores, etc., da súa redonda, aos valores éticos. Sentido de iniciativa...
 As relacións interpersoais.  As habilidades sociais.  A importancia da asertividade.  Os tres estilos de conduta.  Traballo en equipo para pór en práctica as habilidades sociais.	2. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, co fin de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.	2.1 Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido. C. Sociais e cívicas. 2.2 Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara aos dereitos. C. Sociais e cívicas. 2.3 Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais. C. Sociais e cívicas.

<ul style="list-style-type: none"> ☞ Identificación de diferentes formas de ser e actuar nas relacións. ☞ Respecto e aceptación das diferenzas individuais. 		
---	--	--

Unidade 3: da moral á ética

BLOQUE 1		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ☞ A conciencia moral como método de distinción do que está ben e o que está mal. ☞ O concepto de virtude en Aristóteles. ☞ Conciencia dos valores propios. ☞ Identificación da propia escala de valores. ☞ Reflexión sobre a toma de decisións en función da satisfacción inmediata ou o cumprimento do deber. 	<p>1. Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles.</p>	<p>1.1 Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter. C. Sociais e cívicas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ☞ A comprensión lectora. ☞ A utilización da introspección para recoñecer emocións e sentimentos co fin de mellorar as habilidades emocionais. ☞ O desenvolvemento da intelixencia emocional. 	<p>2. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade.</p>	<p>2.1 Utiliza a introspección como medio para recoñecer as súas propias emocións, sentimentos e estados de ánimo. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ☞ Reflexión sobre que é actuar ben. ☞ A importancia dos valores morais. ☞ A distinción entre ética e moral. 	<p>1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e diferenzas existentes entre elas.</p>	<p>1.1 Acheга razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano. Sentido de iniciativa...</p>
<ul style="list-style-type: none"> ☞ A teoría de Piaget. ☞ A teoría de Kohlberg. ☞ O desenvolvemento da conciencia moral. 	<p>2. Destacar o significado e importancia da natureza moral do ser humano.</p>	<p>2.1 Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre. C. Aprender a aprender.</p> <p>2.2 Explica as tres etapas do desenvolvemento moral no home, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg. C. Aprender a aprender.</p>

<ul style="list-style-type: none"> ☞ O relativismo moral. ☞ O obxectivismo moral. ☞ A lei e a moral. 		
☞ O instinto e a razón.	3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa.	3.1 Analiza e valora a influencia que teñen da intelixencia e a vontade.C. Aprender a aprender.
☞ Recoñecer a importancia das normas éticas.	4. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia.	4.1 .Define o concepto de norma e de norma ética. C. Aprender a aprender. 4.2 Explica en que consiste o “intelectualismo moral.” C. Com. ling. 4.3 Compara o relativismo e o obxectivismo moral. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
<ul style="list-style-type: none"> ☞ A ética da felicidade. ☞ Reflexión sobre o eudemonismo aristotélico. 	5. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e vixencia actual.	5.1 Explica o significado do termo “eudemonismo” e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións. C. Com. ling.

Unidade 4: A democracia como estilo de vida

BLOQUE 4		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ☞ Relación entre ética e política. ☞ A organización política do estado. ☞ A Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 	1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos, contidos na DUDH.	1.1 Define o concepto de “Estado de Dereito” e establece a súa relación coa defensa dos valores. C. Sociais... 1.2 Explica a división de poderes e a función que desem-peñan o poder legislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático. C. Sociais e cívicas.
<ul style="list-style-type: none"> ☞ Os perigos da democracia. ☞ A demagogia. ☞ O desinterese polos asuntos públicos. ☞ Modos de participación na democracia. ☞ A democracia representativa. 	2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado.	2.1 Asume e explica o deber moral e civil, que teñen os cidadáns, de participar activamente no exercicio da democracia. C. Sociais e cívicas. 2.2 Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos, cando non se respectan os valores éticos da DUDH. C. Sociais e cívicas.
☞ O funcionamento e as bases da democracia.	3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución Española de 1978.	3.1 Identifica e aprecia os valores éticos nos que se fundamenta a Constitución Española. C. Sociais ...

Os dereitos cidadáns.	4. Amosar respecto pola Constitución Española identificando nela os dereitos e deberes que ten o individuo como persoa e cidadán.	4.1 Sinala e comenta a importancia de “os dereitos e liberdades públicas fundamentais da persoa” establecidos na Constitución. C. Sociais e cívicas.
A Constitución Española e os seus valores.	5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución Española aos principios éticos defendidos pola DUDH.	5.1 Coñece os valores éticos nos que se fundamentan os dereitos e tamén os deberes dos cidadáns. C. Sociais e cívicas.
BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
Os dereitos humanos. A Declaración Univeresal dos Dereitos Humanos. A relación entre a Constitución e a DUDH.	1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas.	1.1 Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración lle reconece ao ser humano como persoa. C. Aprender a aprender.

Unidade 5: Os dereitos humanos

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
O carácter universal dos Dereitos Humanos. O respecto e a dignidade do ser humano. Identificación de situacións de conflito.	1. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social.	1.1 Busca e selecciona información, acerca da existencia de diferentes clases de valores. C. Sociais e cívicas.
BLOQUE 5		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprendiz. e Com. Clave
Os dereitos das persoas. Clasificación dos nosos dereitos. Caracterización dos distintos tipos de dereitos: sociais, civís, económicos e humanos.	1. Explicar a xustificación das normas xurídicas, mediante as teorías do dereito.	1.1 Elabora unha presentación con acerca da teoría “iusnaturalista do Dereito”. C. Sociais e cívicas. 1.2 Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre physis e nomos, describindo a súa achega ao convencionalismo xurídico. C. Sociais e cív.
A Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A orixe da DUDH.	2. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU.	2.1 Explica a función da DUDH como un “código ético”. C. Sociais e cívicas.

☞ A dignidade das persoas.	3. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas.	3.1 Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración lle reconece ao ser humano como persoa. C. Sociais e cívicas.
☞ Caracterización dos DDHH.	4. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.	4.1 Describe os feitos máis influíntes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos. C. Aprender a aprender.
☞ Os dereitos da infancia. ☞ Os dereitos das mulleres.	5. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH, na actualidade.	5.1 Dá razóns acerca da orixe histórico do problema dos dereitos da muller. C. Aprender a aprender. 5.2 Xustifica a necesidade de actuar respecto da defensa dos dereitos da infancia. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. 5.3 Investiga mediante información obtida en distintas fontes, acerca dos problemas e retos que ten a aplicación da DUDH. C. Aprender a aprender

Unidade 6: Os retos da ciencia

BLOQUE 3		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
☞ O desafío dos dilemas morais. ☞ Necesidade de limitar a tecnoloxía e a ciencia desde un punto de vista moral e legal.	1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e diferenzas existentes entre elas.	1.1 Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética. C. Sociais e cívicas.
BLOQUE 6		
Contidos	Crit. de Avaliación	Estánd. de Aprend. e Com. Clave
☞ A dimensión moral da ciencia e da técnica.	1. Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía.	1.1 Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía. C. Dixital. 1.2 Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pórle límites éticos e xurídicos á investigación. C. Aprender a aprender.
☞ Os principais retos da biomedicina. ☞ A reprodución asistida. ☞ Definición e problematización do concepto de progreso. ☞ O desafío dos dilemas morais.	2. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico.	2.1 Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións acerca do tema tratado.. C. Sociais e cívicas. 2.2 Coñece en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía que formulan dilemas morais, C. Básicas en ciencias e tecnoloxía. 2.3 Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as diferentes opinións.C. Sociais e cívicas.
☞ A utilización de células nai.	3. Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a	3.1 Comenta algúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non é compatible cos valores éticos da DUDH. C. Aprender a aprender.

📄 O problema da clonación e a euxenesia.

📄 Influencia da técnica no ámbito económico, político, moral e ecolóxico.

investigación científica non é neutral.



3. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

- A materia de *valores Éticos* contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:
 - Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
 - Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
 - Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
 - Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
 - Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
 - Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 - Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
 - Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
 - Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
 - Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
 - Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
-

4. Temporalización de 2º

A avaliación inicial terá lugar do 3 o 7 de outubro.

1ª Avaliación : Unidades 1 e 2 terá lugar do 28 o 30 de novembro.

2ª Avaliación : Unidades 3 e 4 terá lugar na semana do 13 o 17 de marzo.

3ª Avaliación : Unidades 5 e 6 terá lugar na semana do 5 de xuño o 7 de xuño

En canto a avaliación final, terá lugar o 22 de xuño.

5. Mínimos exixibles para unha avaliación positiva

MINIMOS 2º ESO

Coñecer as características da etapa da adolescencia e os cambios que se producen durante este período así como as influencias sociais durante a adolescencia.

- A definición da intelixencia emocional e a comprensión da importancia das habilidades emocionais e sociais.
- As características do proceso de socialización e os distintos axentes de socialización.
- A necesidade do respecto á dignidade humana e a análise crítica das actitudes que atentan contra dita dignidade.
- A comprensión do concepto de asertividade e das habilidades sociais para mellorar as relacións cos demais.
- As diferenzas entre a conduta dos animais e a conduta do ser humano: a liberdade e a responsabilidade. Diferenciación entre normas morais e normas legais.
- A orixe da moral segundo o relativismo moral e o obxectivismo moral.
- O Estado de dereito, baseado no imperio da lei, a división do poder e a protección dos dereitos.
- A división de poderes de Montesquieu.
- A importancia da participación na democracia e distintas formas de participación.
- Os riscos da democracia: a ditadura da maioría, a demagogia e o desinterese polos asuntos públicos.
- As características dos dereitos humanos.
- A orixe dos dereitos humanos segundo distintas teorías: o convencionalismo, o relativismo e o iusnaturalismo.
- A dobre clasificación dos dereitos humanos.
- Os dereitos das mulleres e as violacións dos dereitos humanos que sofren as mulleres por razón de sexo.
- Toma de conciencia das vulneracións que existen en todo o mundo dos dereitos dos nenos.

- A comprensión da investigación científica e tecnolóxica como un medio para mellorar a vida das persoas.
- A necesidade de establecer límites éticos e xurídicos na investigación científica e técnica.
- A figura dos comités de ética para debater sobre os dilemas morais no campo da medicina.
- Reflexión sobre os principais retos morais da medicina e a biomedicina: a reprodución asistida, a investigación con células nai, a clonación e a euxenesia.

6. Procedementos , Instrumentos de avaliación e metodoloxía

A continuación enumeramos os distintos instrumentos que poderán ser empregados para avaliar a aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

Observación e análise de tarefas:

- Participación nas actividades da aula, como debates, traballos individuais ou en grupo e a súa correspondente posta en común, etc
- Traballo, interese, orden e solidariedade dentro do grupo.
- Actividades realizadas na aula e recollidas no caderno. O seu maior ou menor grao de actualización e corrección formal permitirá avaliar o traballo, interese e o grao de seguimento das tarefas .**Probas escritas:** Probas escritas, dunha ou de varias unidades didácticas; probas obxectivas de resposta múltiple, de verdadeiro-falso, de resposta curta, definicións,etc.

Traballos especiais. Este tipo de actividades deben ser de carácter absolutamente voluntario e propostas ó comezo da avaliación. Por este carácter absolutamente de voluntariedade, non poderán contar na avaliación global de modo negativo, o alumno ou alumna que os realice obterá por eles unha puntuación positiva, ou ningunha puntuación se o traballo non tivese a calidade necesaria.

Traballos en grupo. Terán carácter cooperativo e xirarán sobre distintos aspectos que amplíen e completen o currículo.

Metodoloxía:

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a Aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual). Poderase facer uso das seguintes técnicas e actividades pedagóxicas:

- **Actividades de coñecementos previos.** Cuestionario inicial: conxunto de preguntas coas que se

pretende ir introducíndose nun tema. Incídese máis na implicación do alumno que na avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretende facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos..

- **Actividades de reforzo** para aqueles alumnos que mostran dificultades de aprendizaxe: Resolución de exercicios adaptados así como actividades de vocabulario como a construción de frases nas que aparezan os termos estudados, completar frases cos termos apropiados, etc.
- **Actividades de ampliación:** Elaboración de traballos (procura de materiais, discusión, crítica, redacción de conclusións, etc.) sobre algúns dos puntos temáticos recollidos na presente programación para elaborar en equipos pequenos e expoñer en clase.
- **Exercicios de desenvolvemento de contidos:** Actividades e exercicios realizados e corrixis na aula clase.
- **Debates dirixidos e animados polo profesor** sobre os diversas cuestións recollidas no temario.
- **Actividades de síntesis-resumen:** interpretación de mapas conceptuais ao remate de cada unidade.
- **Observación directa:** colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara o traballo, atención en clase, presentación no tempo e forma dos traballos e exercicios.
- **Actividades de avaliación:** Probas orais. Na cualificación das probas orais valoraranse positivamente os seguintes aspectos.
 - Adecuación pregunta-resposta
 - Corrección formal e gramatical
 - Capacidade de síntese
 - Capacidade de definición
 - Capacidade de argumentación e razoamento

7. Materiais e recursos didácticos

Non se contempla o emprego de libro nesta materia. O profesor facilitará todo o material e apuntamentos mediante fotocopias ou copia electrónica (lapis electrónico ou envío por correo electrónico) ao alumnado.

Existirá tamén material elaborado polo profesorado da materia, xunto con enlaces, videotutoriais, presentacións, etc., colgados na aula virtual do centro.

8. Criterios de avaliación

Avaliación Ordinaria

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. Finalmente realizarase una avaliación final a finais de xuño, seguindo a temporalización presentada no apartado en cuestión.

Criterios de cualificación.

Neste curso aplicaranse os seguintes procedementos que se poderán levar a cabo para avaliar ao alumnado, dos cales poderanse realizar de maneira presencial ou telemática segundo a situación sanitaria o estableza.

Traballo na aula (ou na casa en caso de docencia non presencial): Terase en conta a realización das tarefas, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, e a orixinalidade.

A proba oral correspondente a cada un dos bloques temáticos do currículo.

Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, e a capacidade crítica.

Na nota da avaliación 50% da cualificación dependerá da media aritmética das probas e exercicios sobre as unidades didácticas realizadas periodicamente na clase, e un 50% para as probas orais de final de trimestre. O trimestre no que, previo acordo co alumnado, se realicen traballos individuais, estes cos constituirá, o 60% da cualificación, reservando o 40% para as tarefas de clase.

En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5.

9. Indicadores para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Utilizáranse os seguintes indicadores para avaliar o proceso do ensino e da práctica do profesorado da materia.

A.-Preparación do ensino da materia:

- A.1.- Domina os contidos da materia e o marco curricular.
- A.2.- Coñece as características, coñecementos e experiencias do alumnado.
- A.3.- Domina a didáctica da materia.

- A.4.- Organiza os contidos e os estándares de aprendizaxe de maneira coherente co marco curricular e as particularidades do alumnado.
- A5.- As estratexias de avaliación son coherentes cos estándares de aprendizaxe, e permiten demostrar a todo o alumnado o aprendido.

B.- Creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe

- B.1.- Establece un clima de relacións de aceptación, equidade, confianza, solidariedade e respecto.
- B.2.- Manifesta altas expectativas sobre as posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento de todos os seus alumnos.
- B.3.- Establece e mantén formas consistentes de convivencia na aula.
- B.4.- Establece un ambiente organizado de traballo e dispón os espazos e recursos en función das aprendizaxes.

C.- Ensino para a aprendizaxe de todo o alumnado

- C.1.- Comunica de forma clara e precisa os obxectivos e contidos da materia
- C.2.- As estratexias de ensino son coherentes, motivadoras e significativas para o alumnado
- C.3.- O contido da clase é tratado con rigorosidade conceptual e é comprensible para o alumnado.
- C.4.- Utiliza metodoloxías baseadas nas TIC.
- C.5.- Optimiza o tempo dispoñible para o ensino.
- C.6.- Promove o desenvolvemento do pensamento.
- C.7.- Avalía e recolle o proceso de comprensión e ampliación dos contidos por parte do alumnado.

D.- Responsabilidades profesionais como profesor

- D.1.- O profesor reflexiona sistematicamente sobre a súa práctica.
- D.2.- Constrúe relacións profesionais e de equipo cos seus compañeiros.
- D.3.- Asume responsabilidades na orientación do seu alumnado.
- D.4.- Propicia relacións de colaboración e respecto cos pais.
- D.5.- Manexa información actualizada sobre a súa profesión, o sistema educativo e normativa vixente.
- D.6.- Participa e comprométese con Proxecto Educativo do centro.
- D.7.- Organiza e participa nas actividades colectivas do centro.

Os *instrumentos para avaliar os anteriores indicadores* poderían ser algúns dos seguintes, segundo

o caso:

- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación (obxectivos, contidos, metodoloxía,...).
- Análise dos resultados académicos.
- Reunións entre o profesorado.
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.
- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.

10. Programa de seguimento, recuperación e avaliación de materiais pendentes

Materias pendentes doutros cursos

Ao longo do curso aos/ás alumnos/as entregaráselles unha serie de exercicios de repaso dos temas da materia pendente, que os entregarán ao/á xefe/a do departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. No caso de que o profesor/a o estime necesario, poderá realizarse unha proba, ben escrita ou oral, e será un método de avaliación que se terá en conta para superar a materia.

Tamén poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre temas que se indicarán puntualmente. Este traballo será entregado nas datas que se indiquen e tamén se terá en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Ademais, o alumnado disporá dun *exame final ordinario* na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. No caso de que non acadase cualificación positiva tería unha convocatoria extraordinaria en setembro para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

11. Procedementos para a realización da avaliación inicial

Realizárase durante as primeiras semanas do curso escolar, e comprenderá as seguintes accións:

- A) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- B) Se se considera necesario, realizárase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia. Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles

non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

12. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor

Para o alumnado repetidor que obtivera una avaliación negativa nesta materia establecerase un plan personalizado para poder superar as dificultades non superadas no curso anterior. Este plan, en función das características do alumnado, poderá consistir nas seguintes actividades:

- Realización de actividades de reforzo da materia, que se presentarán mensualmente, entre os meses de outubro e maio de cada curso escolar.
- Atención personalizada ao alumnado na hora do recreo establecida polo departamento, unha vez por semana. A asistencia será voluntaria.

13. Medidas de atención a diversidade

O tratamento da diversidade do alumnado farase atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula.

Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel trataranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar, nun segundo nivel de profundización, ó estudo de temas máis concretos. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

Para iso realizáranse un conxunto de Actividades de Reforzo e de Actividades de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos e facilitar que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Para aqueles alumnos de altas capacidades propóranse tanto actividades de ampliación e profundización no aprendido como tarefas que supoñan un reto, unha novidade ou actividades que lles axuden a estudar novos temas dentro e fóra do programa.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

O alumnos con altas capacidades precisan estratexias de ensinanza e diferenciadas consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas nos documentos institucionais do centro. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

Medidas de enriquecemento: deseñáranse programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. Xeralmente optárase por adaptacións do currículo que se acomodan ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas. Empregáranse de dous tipos de estratexias:

- As adaptacións curriculares de ampliación ou **enriquecemento vertical** aumentando a cantidade de contidos .
- A ampliación curricular de **enriquecemento horizontal**: profundando sobre os contidos.

Traballo por proxectos

A proposta dun enfoque metodolóxico por proxectos facilitará a permanencia no programa do grupo, a interdisciplinabilidade tan efectiva neste tipo de alumnado e a posibilidade dun avance persoal acorde coas propias capacidades.

14. Elementos transversais da programación

Programación de educación en valores

A cultura da paz, o desenvolvemento sustentable, o respecto á diversidade cultural, a igualdade de dereitos entre os sexos, diálogo, a defensa da democracia, a tolerancia e solidariedade son valores que se abordan expresamente en cada un dos distintos bloques temáticos recollidos no apartado secuenciación de contidos. Non nos detemos aquí a explicitar o xa recollido nos apartados anteriores.

Tratamento do fomento da lectura

De acordo cos obxectivos de promoción dos hábitos de lectura e de contribución á mellora da comprensión lectora recollidos no Proxecto Lector do noso centro poranse en práctica estratexias destinadas a mellorar a competencia lectora. Estas estratexias estarán orientadas a:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para iso haberá actividades de lectura tutelada verificando se se comprende o lido en voz alta e deténdose no vocabulario que os alumnos descoñezan. En ocasións deberán facer resúmenes e esquemas identificando as ideas principais do texto e relacionándoas entre si. As frases ou párrafos máis complicados deberán ser adaptados entre todos á unha linguaxe accesible aos alumnos. Ademais traballarase a comprensión lectora con análises guiadas de textos .

Tratamento do fomento das TIC

O alumnado realizará exercicios na AULA VIRTUAL. Ademais facilitaráselles enderezos de

internet para cada unha das unidades didácticas onde poderán atopar información, actividades, vídeos, exercicios e textos de relacionados cos contidos da materia.

Así mesmo, faranse propostas de traballo como a realización por grupos de pases de diapositivas aos que deberían sobrepoñer unha narración explicativa sobre calquera dos aspectos tratados no currículo, o ben como a elaboración de guías para o visionado de fragmentos de contido audiovisual poderán atopar na biblioteca do centro.

Tratamento do fomento da convivencia no centro

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentárase:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Estabrecer normas de funcionamento e organización das clases da materia, ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

Contribución da materia ao proxecto lingüístico

As actuacións que se levarán a cabo desde a materia para desenvolver o proxecto lingüístico serán as seguintes:

- Respectárase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
- Utilizáranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
- Adoptáranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Colaborárase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Non se ten previsto realizar actividades extraescolares para o presente curso.

16. Procedementos de revisión, avaliación e modificación da programación

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia: Porcentaxe do cumprimento da programación.

- A) Xustificacións da parte da programación non impartida.
- B) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

C) Motivos das modificación feitas.

D) Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.

E) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

	Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaliente
Curso					
Curso					
Curso					

Posteriormente, finalizadas as probas extraordinarias modificárase a anterior táboa segundo os resultados obtidos.

Laxe, a 10 de setembro 2022

Diego Salido Herba